



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Carreira Administrativa: Mobilidade xeográfica- concursos

Na reunión de hoxe a Administración entregounos un "borrador" de propostas para levar a cabo os procedementos de mobilidade do persoal da AEAT. Este borrador, ao noso entender, segue sen recoller ningunha das peticións que, de xeito reiterado, levamos facendo desde que comezamos a tratar de mellorar a mobilidade dentro da AEAT.

Facendo unha análise do documento entregado, desde a CIG denunciámos que se trata dun documento cheo de imprecisións e vaguedades e non entra na problemática que hai á hora de sacar os postos a concurso. Por outro lado, mostramos a nosa preocupación pola información que figura no segundo apartado do borrador, no que se recolle o seguinte: " *Se ofrecerán prazas en los concursos en zonas donde habitualmente sale nuevo ingreso*". Isto, pode dar lugar a distintas interpretacións e, ademais, non vemos que haxa un compromiso expreso (sí verbal) de que se ofertarán as vacantes antes da incorporación das promocións de novo ingreso, tal e como reclamamos desde a CIG. Tamén pedimos que a AEAT teña a sensibilidade de ofertar nos concursos prazas nas zonas de difícil acceso, tal e como demanda o persoal.

En canto ao resto do documento, non ten desperdicio, dentro da imprecisión da súa redacción podemos concluir que a AEAT seguirá ofertando os postos baixos de Carreira Administrativa, que as bases dos concursos estarán artelladas para non subir de tramo (aínda que se deixa a porta aberta para ofertar postos de Tramo 5 e 6 non sabemos cómo o farán...)

Respecto a nosa intervención na reunión, denunciámos tamén:

- Que non salen a concurso todas as vacantes que se producen en Galicia. Estamos a ver cómo se están "desmantelando" de xeito encuberto as nosas Administracións nas que se amortizan as vacantes e non salen prazas a concurso.
- Á problemática anterior únese que, ao non adxudicarse as resultas dos concursos, a mobilidade só ten lugar dentro da propia Delegación Especial polo que esiximos que o sistema actual de concursos ten que cambiar radicalmente, cun sistema máis áxil e que responda ás expectativas de todos.

A AEAT comprometeuse a convocar concursos para os corpos xerais (Auxiliar e Administrativo) para o mes de setembro, e anunciou a convocatoria do concurso do Corpo Técnico de Facenda para este mes de xullo ou como moi tardar, no mes de setembro.

Ao respecto do resto dos temas de Carreira que aínda seguen aparcados, pedimos, unha vez máis, que convoquen a Mesa de Seguimento do Acordo, para ir sacando adiante a multitude de asuntos que están pendentes de desenvolver (paso ao Tramo 6º, reclasificación funcionarios novo ingreso...etc). Pedimos tamén que a AEAT se comprometa a arranxar a situación dos Axentes de Vixilancia Aduaneira que levaron praza no último concurso e perderon tramos da súa carreira administrativa, cuestión na que a AEAT non quixo pronunciarse.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

WWW.CIGAEAT.COM